

## Editorial

### Puntos de interés especial:

- Os nosos Clubs de Lectura.
- Día das Bibliotecas.
- Visita da escritora María Solar.
- Recomendacións de Nadal.
- O recuncho do creador.
- Próximamente

Benvidos todos a este primeiro número do xornal da Biblioteca que é nosa, que é de todos.

Botamos a andar con inquiredanzas e ilusións, como se emprenden todas as aventuras. Ata onde chegaremos? Nós agardamos que ata lonxe: ata os alumnos, os profesores, as familias ... Todos os membros da comunidade escolar.

Precisamos, ou iso cremos os membros do equipo da Biblioteca, dar a coñecer o labor de ir edificando lectores que serán os cidadáns do futuro.

Responde tamén ó lema deste ano proposto pola Asesoría de

Bibliotecas:

### A Biblioteca: viveiro de cidadanía.

É verdade que a maioría ve a Biblioteca como un espazo de traballo e lectura, pero é moito máis: é o lugar onde se forxan os homes e mulleres que terán ideas novas e novos proxectos; sempre, eso si, co complemento insustituible dos coñecementos que imparte o profesorado.


Este xornal reflectirá as actividades levadas a cabo pola Biblioteca e o Club de lectura, os proxectos, os roteiros, as recomendacións lectoras... e terá tamén un recuncho para os creadores, que agardamos sexa moi

fructífero.

O ano 2019 está a piques de rematar e este proxecto está nacendo.

Este é o ciclo da existencia e desexamos que O Nautilus estea cheo, precisamente, de vida.

### Bo Nadal a todos!



### Contido

Os nosos Clubs de Lectura	2
Día das Bibliotecas	2
Visita da escritora María Solar	2
Recomendacións lectoras para o Nadal	3
O recuncho do creador	3
Creación escoxida	3
Próximamente	4

## Os nosos Clubs de lectura

Os alumnos de 1º de ESO disfrutaron, neste primeiro trimestre, da obra **Matilda** de Roald Dahl. Froito desta enriquecedora e divertida lectura xurdiron as seguintes opinións:

-Gustoume **Matilda** porque é un libro fantástico e inxenioso que describe a uns pais e unha directora de colexio

totalmente distintos aos esperados. Creo que nesta obra o autor reflcte, en parte, a súa infancia nun colexio cruel. **Lucas Eiroa. (1º ESO A)**

-A min gústoume **Matilda** porque é a combinación dos anos escolares de Roald Dahl nun colexio represivo cun libro infantil. **Pablo Barro. (1º ESO A)**

-**Matilda** é un libro moi especial porque é unha historia entretida tanto para nenos como para adultos. Aprendes valores importantes dun xeito ameno e amosa que, ao remate, as malas persoas son febles e perdedoras. **Martina Estévez (1º ESO A)**

## Os nosos Clubs de lectura



Club de lectura 3º ESO

-O mellor de **Matilda** para min é a capacidade de reflexión que pode ter unha nena de tan pouca idade. **Inés Jaspe. (1º ESO A)**

En canto ás preguntas que lle farían a Roald Dahl, figuran as seguintes:

-Por que decidiches ser escritor? **Inés Candamio (1º ESO A)**

-Cal é o libro que máis che gusta? **Leo Cousillas (1º ESO A)**

-Cando te interesaches pola

literatura infantil? **Inés Jaspe (1º ESO A)**

**Club de lectura de 3º de ESO:**

Os alumnos de 3º de ESO leron **A neta do señor Lihn**. Estas son as súas impresións:

-Este libro produciunos unha mestura de sentimentos: tristura, compaixón, anguria. Amósanos un caso de actualidade cun punto de vista diferente ao noso. É un libro realmente fermoso que pretende moralizarnos. **(Antía Cañizo)**

-O comezo do libro é angustioso, hai moita intriga e o remate é inesperado e impactante. **(Nicolás Palomo)**

-A forma de escribir, case lírica, é fácil de comprender. O final deixoume contrariado pero é un libro totalmente recomendable. **(Adrián Goanta)**

En **4º de ESO** leron unha escolma de relatos de terror. **O corazón delator** de Poe foi un deles, cun final sobrecolledor.

## Día das Bibliotecas

*Día 24 de outubro:  
O mundo sería un lugar mellor se existisen menos Bancos e máis Bibliotecas.*

A semana do 24 de outubro dedicámola a celebrar o Día das Bibliotecas.

No vestíbulo expuximos diferentes libros durante os días 21, 22 e 23. Cada día os rapaces tiñan que adiviñar que oito libros se correspondían coa resposta a oito preguntas. Os gañadores recibiron como agasallo libros. Houbo tres gañadores, un por cada día:

**Jia Hao** de 3º ESO B; **Rubén**

**Fernández Vecino** de 1º BAC B; **Iria Hidalgo Novoa** de 2º ESO A.

Tamén visitamos a Biblioteca do Castrillón cos alumnos de 1º de ESO.

Os alumnos de 2º e 1º de ESO representaron a comedia **Besos para la Bella durmiente** de José Luis Alonso de Santos.

Os espectadores foron alumnos de 1º de ESO e de 2º de PMAR. Tivemos algúns

problemas co escenario do salón de actos pero os actores fixéronno moi ben e todos rimos un cacho.



Visita á Biblioteca do Castrillón

## Visita da escritora María Solar



Sinatura de libros por María Solar

O día 3 de decembro visitounos María Solar, a autora do libro **Os nenos da variola**, que leron os alumnos de 3º de ESO. Estiveron presentes tamén na charla os rapaces de 2º PMAR. Resultou unha experiencia moi enriquecedora.

A escritora, que tamén é periodista e bióloga, enganchou aos alumnos con

palabras sinxelas, engaiolantes, cheas de interés pola ciencia e a literatura.

Comprendimos a importancia da vacina, o medo que despertaba a variola naqueles tempos lonxanos e a dureza da vida dos nenos orfos no século XVIII e XIX.

Fíxonos entender que calquera cousa que aprendamos agora

pode servirnos no futuro, aínda que no presente nos pareza pouco útil.

Verdadeiramente foi unha lección de vida, de literatura e de ciencia.



## Recomendacións lectoras para Nadal

A Biblioteca do IES Monelos, como xa é habitual nestas datas, recomenda aos lectores unha escolma de obras literarias de distintos xéneros.

Podedes atopar libros de Banda deseñada, novelas, poemarios, obras teatrais., para lectores máis novos ou máis maiores.

Agora que dispoñemos dun pouco máis de tempo, sentarse en silencio e disfrutar da lectura relaxada é unha opción magnífica de ocio.

Entre estes títulos están:

**Las piernas de Amaidú**, aobre as minas antipersoa. Intenta abrir unha porta á esperanza dun mundo sen guerras. Pensada para os máis novos.

**A derradeira bala**, reflexión sobre o absurdo da guerra en formato de obra teatral.

**Tempo fósil**, poemario da escritora Pilar Pallarés, gañadora do Premio Nacional de Poesía 2019.

**Lila Trotamundos**, banda deseñada para os nosos lectores máis xóvenes sobre o mundo do circo e as viaxes como descubrimento.

**Lo que más me gusta son los monstruos**,. Unha novela gráfica de cuidadísima factura pensado para os máis maiores. Combina a investigación, as referencias a películas de terror e á Alemania nazi.

**O último barco**, novela negra ambientada na ría de Vigo. Pertence á serie do inspector Caldas.

**El príncipe que lo aprendió todo en los libros**,. Unha obra de Jacinto Benavente ideal para ler e representar.



Recomendacións lectoras

## O recuncho do creador

Nesta sección do noso xornal queremos dar a coñecer o labor dos xóvenes creadores. Ás veces pasan desapercibidos, mesturados cos demais. Son alumnos sensibles, cunha percepción especial da realidade, dotados de talento para crear coas palabras.

Desexamos que neste espazo os nosos alumnos atopen ese lugar onde ser escoitados.

Quen sabe? Quizáis algún día cheguen a ser homes e mulleres recoñecidos como literatos. So temos que alentalos a seguir o seu camiño, a ser fieis á súa voz.



*No digáis que  
agotado su tesoro,  
de asuntos falta,  
enmudeció la lira;  
podrá no haber  
poetas; pero siempre  
habrá poesía.*

**G.A. Bécquer.**

## O que me dá medo...

*O que me da medo son eu mesma. Nun total silencio e rodeada dun barullo envolvente, se quedas a soas cos teus pensamentos, as bágoas saíran da nada, nun palpabrexar, e ficarás atrapada co teu subconsciente susurrándoches os teus máis grandes erros nesta vida.*


*Obirgarache a lembrar esceas do pasado que che deixarán*

*ver todas as veces que tiveches o mellor do mundo, pero, como non che faltaba, non soubeches apreciar.*

*Sentes as túas meixelas ferver, pero antes de saír da túa mente, finxes un sorriso e, aos ollos do mundo, estas ben.*

**Eva López Martínez.**

**1º ESO A**



*Lembrando a Bécquer:*

*Hoy como ayer, mañana como hoy,*

*¡y siempre igual!*

*Un cielo gris, un horizonte eterno*

*Y andar...andar.*

*Moviéndose a compás como una estúpida*

*Máquina, el corazón:*

*La torpe inteligencia del cerebro*

*Dormida en un rincón.*

*El alma, que ambiciona un paraíso,*

*Buscándolo sin fe;*

*Fatiga sin objeto, ola que rueda*

*Ignorando por qué. (...)*

## Proximamente

A Biblioteca do IES Monelos está en proceso de cambio. Ademais do diñeiro recibido para fondos documentais, que coma sempre empregaremos para satisfacer os gustos literarios dos nosos alumnos, e as necesidades de material didáctico, contamos con presuposto para mobiliario.

Creemos que é necesario renovar a imaxe deste espazo, centro de reunión de alumnos e profesores.

Invitamos aos usuarios a visitar a biblioteca despois de Nadal xa que haberá novidades.

De momento, xa temos unha nova disposición da zona de lectura relaxada, máis ampla, e os equipos informáticos

están emprazados noutro espazo, preto desta zona de lectura.

Por outra banda, pensamos emprender un novo proxecto de investigación coa colaboración dunha parte do profesorado.

Recibiremos a visita da escritora Ana Alonso e de Alfredo Gómez Cerdá, autores das obras que lerán os nosos alumnos en 2º e 4º de ESO, respectivamente.

Non resta máis que emprazaros para un novo número do Nautilus o próximo trimestre e desexarvos un Nadal venturoso cos seres queridos, cheo de momentos para recordar e boas lecturas.

